

2000...

Novos tempos, novos recursos para a loita feminista

Os últimos anos do século XX, coa aparición de internet e dos novos espazos para a difusión e intercambio de información, posibilitaron a multiplicación dos recursos e a dinamización do debate feminista. Ao abeiro desta nova conxuntura naceu a **Marcha Mundial das Mulleres**, organización de acción e discusión contra o dominio patriarcal nas institucións e organismos en todo o mundo e pola erradicación da pobreza, a violencia e a discriminación.

En Galiza tamén naceron nos últimos anos outros colectivos e espazos de debate feminista así como novas secretarías e departamentos da muller vinculadas a partidos e sindicatos, no camiño dunha loita aínda inacabada pola paridade total entre homes e mulleres.

No ámbito legislativo cómpre destacar:

A aprobación de normas como a **L.O. 1/2004, de 28 de decembro**, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, froito da crecente sensibilidade social contra esta problemática

A **L.O. 3/2007, de 22 de marzo**, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que abrangue ámbitos dispares como a educación, a saúde ou a representación política

A **reforma do Código Civil** que axilizou os trámites do divorcio e elimina as causas e a preceptiva separación previa

A aprobación do **matrimonio homosexual** pola lei 13/2005, do 1 de xullo

